



MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN CAMPUS SAR 2020

- Antes do comezo do Campus, os monitores/as reciben unha formación específica sobre o COVID-19 e fan unha análise serolóxica.
- É obrigatorio asinar todos os luns unha declaración responsable, na que se declara entroutros asuntos que o neno/a non sufriu sintomatoloxía asociada ao COVID-19 durante os 14 días previos á actividade.
- Medidas no acceso diario ao Campus: alfombras viricidas, desinfección de mans con xel hidroalcohólico e toma de temperatura corporal.
- É obrigatorio que traian máscara os maiores de 6 anos e é recomendable nos menores de 6 anos.
- Realizaranse preferentemente actividades nas que se asegure a distancia social, e poñeremos a máscara se isto non se pode cumprir.
- As actividades prepararanse preferentemente no exterior.
- Lavaremos as mans ao inicio e ao remate de cada actividade.
- Antes e despois de cada actividade se procederá á desinfección de todo o material utilizado.
- Cada neno/a deberá levar a súa propia merenda e auga e non poderán compartila.
- No inicio de cada semana faranse actividades relacionadas coa hixiene e prevención co fin de normalizar cuestións coma o lavado frecuente de mans, forma correcta de tusir, evitar tocar a cara coas mans...

Medidas organizativas

- Ampliaremos a franxa horaria de entrega de rapaces para facilitar o escalonamento. Agora será de 8.45 a 9.30 horas polo hall principal do Multiusos.
- Haberá señalética no exterior da instalación para indicar o acceso de cada participante. Os luns farase por idades e dende o martes ata final de semana será por grupos. No caso de familias con participantes en diferentes grupos, deberán deixar a cada neno/a na instalación ou entrada correspondente.
- Cada participante deberá acudir ao campus acompañado por unha única persoa adulta.
- A división dos grupos farase tendo en conta a data de nacemento dos participantes e non se poderán facer cambios. Cada grupo estará formado por un máximo de 15 persoas e se evitará na medida do posible o contacto entre grupos.

Seguiranse en todo momento as medidas e recomendacións adoptadas

polas autoridades sanitarias.